



CONVOCATORIA DE MOBILIDADE PARA PRÁCTICAS DE ESTUDANTES SAÍNTES DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+ (KA107)

CONVOCATORIA DO CURSO 2018/2019

A EASD Mestre Mateo fai pública a presente convocatoria de axudas para a Mobilidade de Prácticas de Estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior correspondente ao curso 2018/2019, no marco do programa Erasmus+ KA107 para países asociados.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do programa e asociados polo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) ao Consorcio das Artes ao que a EASD Mestre Mateo pertence.

OBXECTIVO

O obxectivo da presente convocatoria é a selección de persoas beneficiarias de 3 axudas para a realización de estadias de estudos durante o curso 2018/2019 por parte de estudantes de Ciclos Superiores que se imparten no centro.

CENTRO DE DESTINO E DURACIÓN

A universidade de destino é a Universidade de Artes de Tirana (Albania). As mobilidades terán unha duración mínima de 2 meses e máxima de 3, e se desenvolverán durante o último trimestre do curso 2018/2019.

O destino das mobilidades pode asimismo ser unha empresa ou profesional establecido no mesmo país (Albania).

REQUISITOS DA CONVOCATORIA

Dado que as mobilidades Erasmus+ se realizan con Institucións de Educación Superior baixo o Plan Bolonia, e que a Universidade de Tirana ten estudos de Fotografía e Belas Artes, poderá solicitar





estas axudas o estudiantado de **segundo curso** do Ciclo Superior de Fotografía e o Ciclo Superior de Técnicas Escultóricas matriculado no presente curso e que podan estar en condicións de realizar o Módulo de *Formación práctica en empresas, estudos ou talleres* no presente curso.

IDIOMAS: REQUISITOS

As persoas candidatas deben acreditar documentalmente no momento da solicitude os coñecementos do nivel B1 do idioma inglés.

AXUDAS ECONÓMICAS

As persoas seleccionadas para realizar estas mobilidades recibirán unha axuda económica para sufragar os costes de manutención durante o período da mobilidade, así coma unha axuda económica para sufragar os costes da viaxe, segundo se especifica a continuación:

- Gastos de aloxamento e manutención: 700 €/mes.
- Gastos de desprazamento: calcularanse a partir da distancia entre o lugar de saída e de destino. Para os km entre Santiago de Compostela e Tirana (2335,31 km), a axuda é de 360€.

PAGO DAS AXUDAS

Farase un primeiro pago por cheque nominativo do 50% á firma do convenio de subvención.

Á metade da mobilidade realizarase unha transferencia bancaria do 30%.

Ao finalizar á mobilidade entregarase outro cheque nominativo polo 20% restante, condicionado á entrega da documentación requirida.

SEGURO E VISADOS

Dado que con Albania non existe cobertura sanitaria pola Tarxeta sanitaria europea, as alumnas e alumnos seleccionados deberán contratar un seguro de viaxes que lles cubra tanto os gastos médicos como accidentes e responsabilidade civil. A Escola facilitará a xestión coa aseguradora de ser necesario, pero será a alumna ou alumno quen deba facer o pago e presentar o xustificante ante a Oficina Internacional.





Con respecto ao visado, ao ser a duración da estadía inferior a 3 meses, non é necesaria a obtención dun visado na Embaixada de Albania.

En canto á seguridade no país, recoméndase ler e seguir as indicacións aportadas polo Ministerio de Exteriores do Gobierno de España, que se atopan na seguinte ligazón:

<http://www.exteriores.gob.es/Portal/es/ServiciosAlCiudadano/SiViajasAlExtranjero/Paginas/DetalleRecomendacion.aspx?IdP=3>

SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

A persoa solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude impreso e asinado dispoñible no Anexo I da presente convocatoria, na Secretaría da Escola e en <http://www.easd.es/gal/internacional/erasmus-/outgoing/ka107>.
- Documentación acreditativa de coñecementos de idiomas e/ou doutros méritos que se quixeran facer valer (premios, voluntariado, outras titulacións).
- Carta de motivación .

A secretaría da Escola xuntará á solicitude de cada persoa candidata a seguinte documentación:

- Certificado de expediente académico no que conste a nota media do expediente: nota media de acordo coas normas establecidas na Orde o 30 de setembro de 2010 (DOG do 8 de outubro).
- Copia da matrícula no segundo curso das ensinanzas profesionais.

SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

Os/as solicitantes recibirán unha puntuación ente 0 e 10 puntos, dos cales:

1. Un máximo de 7 puntos corresponderase coa nota media do expediente académico.
2. Un máximo de 2,5 puntos corresponderase co coñecemento do idioma do país de destino ou outros idiomas*.
3. Un máximo de 0,5 puntos corresponderase con outros méritos (artísticos, académicos, lingüísticos, laborais e de voluntariado) expresados na carta de motivación.

*Cualificarase segundo a seguinte táboa, a partir da escala do MCERL, por cada lingua na que acredite a competencia lingüística:





Idioma no que se impartan as clases na Institución de destino solicitada (Inglés)				
A1, A2	B1	B2	C1	C2
0,5	1	1,5	2	2,5
Outro idioma estranxeiro:				
A2	B1	B2	C1	C2
0,25	0,5	0,75	1	1,25

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse na Secretaría da Escola (despacho de Luisa, entrada por Rúa Virxe da Cerca).

A data límite é o **1 de febreiro de 2019**, ás 14:00h.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo.

RESOLUCIÓN

A Comisión seleccionadora estará composta polo Xefe de Estudos, que a preside; a coordinadora Erasmus, que actuará como secretaria; e un profesor ou profesora dos departamentos implicados, nomeada polo xefe do departamento correspondente.

A proposta de adxudicación de prazos por parte da Comisión seleccionadora incluírá as listaxes de suplentes e solicitudes excluídas, xunto co motivo da exclusión. Farase pública no taboleiro de anuncios do centro. Contra esta proposta se poderá presentar reclamación.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

Unha vez publicadas as listaxes definitivas, as persoas seleccionadas deberán formalizar a aceptación ou renuncia do destino adxudicado presentando o modelo do Anexo II, antes do prazo límite establecido na presente convocatoria.

As persoas que non presentaren a súa aceptación ou renuncia decaerán dos seus dereitos e ocuparán o seu lugar as posibles persoas suplentes.

RECOÑECIMENTO ACADÉMICO

Os créditos cursados terán pleno recoñecemento académico, dentro do máximo de créditos ECTS nos que estea matriculado o alumnado na EASD Mestre Mateo nese período de estudos. Este recoñecemento se denegará se a estudante non acada o nivel esixido no Centro de Destino ou non cumpre os prazos e termos acordados.





OBRIGAS

Logo de aceptar a bolsa, a persoa comprométese a:

1. Antes da partida:

- Contactar coa Coordinadora de Programas Internacionais da Escola para recibir información sobre o aplicativo online para formalizar a documentación.
- Realizar un Portfolio e/ou unha presentación dixital dos seus traballos co visto e prace da xefa ou xefe do Departamento das Ensinzas Artísticas Superiores de Deseño correspondente, se así o esixe a Institución de Destino.
- Asinar por duplicado o Convenio, esixido polo SEPIE, onde se recollen as obrigas das partes na administración de fondos comunitarios
- Acreditar a vixencia dos Seguros antes da súa viaxe.
- Proporcionar unha certificación bancaria dunha conta ao seu nome á Oficina Internacional da Escola.

2. Durante a estadia no centro de destino:

- Na primeira semana dende a incorporación no destino, debe remitir por correo electrónico a Certificación de Chegada debidamente asinada e selada.
- Manter o contacto directo periódico coa Coordinadora de Programas Internacionais a través do enderezo electrónico.
- Enviar material gráfico da mobilidade á Coordinadora para poder facer publicidade.
- Permanecer no destino ata o final do período previsto e realizar os estudos, presentarse aos exames e someterse ás normas do centro de destino en canto aos requisitos de conduta.

3. Finalizado o período de mobilidade na Institución de destino,

- No prazo máximo dun mes tras finalizar a estadia, achegarlle á Coordinadora de Programas Internacionais o Certificado de Estadia con data, sinatura e selo da institución, así coma as notas obtidas na institución de acollida.
- Realizar o Informe final (enquisa online).
- Enviar material gráfico (fotografías, vídeos, blogs) para a súa promoción por parte da Escola.




CALENDARIO DA CONVOCATORIA: PRAZOS

Publicación da convocatoria	17/01/2019
Límite de presentación de solicitudes	01/02/2019
Publicación das listaxes provisorias de selección	05/02/2019
Prazo de reclamacións	08/02/2019
Prazo de resolución das reclamacións e lista definitiva	13/02/2019
Prazo de aceptación e renuncia	25/03/2019

A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE ERASMUS+ KA107 SUPÓN A ACEPTACIÓN, EN TODOS OS SEUS TÉRMINOS, DAS BASES ESTABLECIDAS NA PRESENTE CONVOCATORIA

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019



ANEXO I

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE AXUDA DE MOBILIDADE PARA PRÁCTICAS KA107- SMT NO CURSO 2018/2019

Nome:	
Apelidos:	
Email:	
Teléfono de contacto:	
Data de Nacemento:	
Nacionalidade:	
Certificación de Idioma:	
Estudos que cursa:	

Lugar e data:

ASINADO:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Erasmus+

easd
mestre mateo